

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 9485** *Corrección de erros do Real decreto 681/2014, do 1 de agosto, polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro; o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro; o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Advertidos erros no Real decreto 681/2014, do 1 de agosto, polo que se modifican o Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro; o Regulamento sobre a instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, aprobado polo Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro; o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 187, do 2 de agosto de 2014, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 11, no punto 3, letra e), segunda liña, onde di: «... electorais previstos no punto 2.b) a letra b) do punto 2 deste artigo.», debe dicir: «... electorais previstos no punto 2.b) deste artigo.».

Na páxina 19, no punto 6, primeiro parágrafo, cuarta liña, onde di: «... especialmente modificacións normativas, das...», debe dicir: «... especialmente modificacións normativas ou das...».

Na páxina 32, no punto 6, segundo parágrafo, quinta e sexta liñas, onde di: «... pola que se modifican as directivas 85/611/CE...», debe dicir: «... pola que se modifican as directivas 85/611/CEE...».

Na páxina 33, no número corenta e dous, punto 9, letra a), 5º, primeiro parágrafo, penúltima liña, onde di: «... estimar o financiamento recibido...», debe dicir: «... destinar o financiamento recibido...».

Na páxina 35, no número corenta e sete, punto 2, primeiro parágrafo, segunda e terceira liñas, onde di: «... no artigo 69.4, de forma que...», debe dicir: «... no artigo 69.6, de forma que...».

Na páxina 46, no punto 4, na sétima e oitava liñas, onde di: «... fondos abertos, así como a participación de fondo de pensións en fondos...», debe dicir: «... fondos abertos, así como a participación de fondos de pensións en fondos...».

Na páxina 50, na primeira liña, onde di: «... modifican as directivas 85/611/CE e 93/6/CEE...», debe dicir: «... modifican as directivas 85/611/CEE e 93/6/CEE...».

Na páxina 50, no número sesenta e seis, no punto 1, letra b), onde di: «3.º Directiva 2009/65/CE do Parlamento e do Consello, do 13 de xullo de 2009,...», debe dicir: «3.º Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009,...».

Na páxina 56, no número un do artigo 2, punto 2, letra a), na primeira e segunda liñas, onde di: «... técnico baseado no disposto no artigo 33.2 do Regulamento de ordenación e...», debe dicir: «... técnico baseado no disposto no artigo 33.1 do Regulamento de ordenación e...».

Na páxina 63, no texto marco da disposición derradeira segunda, na primeira liña, onde di: «Modificación da Orde EHA/407/2008, do...», debe dicir: «Modifícase a Orde EHA/407/2008, do...».